

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA COMPLETAR AS AXUDAS DOS PROGRAMAS GRANTS DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN (ERC)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades.

DECLARA

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Consellería) ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña (UDC) e coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2028.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería, a UDC e a USC para achegar unha axuda complementaria para impulsar os proxectos no marco dos programas ERC e a creación e consolidación dun equipo ou programa de investigación excelente, sempre e cando se manteña a coordinación do proxecto por parte dunha universidade do SUG. As axudas destinaranse a financiar as actividades referidas ao proxecto a cargo do persoal investigador principal que, sendo beneficiario dunha axuda do ERC, manteña, como requisito imprescindible, a coordinación do proxecto por parte dunha universidade do SUG.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que ao contribuír a sufragar gastos asociados a proxectos de investigación punteira e de reforzar a excelencia científica, así como a creación e consolidación dun equipo investigador/a no marco dos programas do ERC, estase a potenciar unhas carreiras profesionais independentes, reforzando a excelencia, o dinamismo e a creatividade da investigación, superando o problema estrutural que supón o desperdicio do talento investigador e o retraso da aparición da próxima xeración de persoal director de investigacións independentes.



No ámbito do SUG, as universidades coordinadoras dun proxecto ERC, aos que se vincula a axuda, son as únicas con subvencións vixentes do ERC (convocatorias 2018, 2021, 2022 e 2023). Por iso, non é necesario promover a concorrència competitiva da subvención. Neste punto, téñase en conta que é un programa da Unión Europea, nos que tanto o proxecto coma o currículo do investigador principal pasan un rigoroso proceso de avaliación onde o único criterio é a excelencia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data situada na marxe

